



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Orientación ocupacional	Código	652G03021	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Profesorado	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A orientación ocupacional (OO) é unha acción socioeducativa do ámbito da orientación profesional. A OO ten como destinatarias as persoas en situación de especial dificultade para acceder ao mercado laboral. A súa finalidade é a promoción de factores persoais vinculados a empregabilidade no marco das claves dunha dunha orientación para a xustiza social e con visión de xénero.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Caracteriza-lo desenvolvemento institucional da orientación ocupacional e valorar a súa inclusión nas políticas de emprego e nos plans para a igualdade e para a inclusión social.	A1 A3		
Analiza-lo perfil profesional dos profesionais da orientación ocupacional e valorar a importancia e a necesidade de formación ao longo da vida.	A1		C7
Identificar o mercado profesional do/a educador/a social no campo da orientación e formación profesional	A1		
Adquirir coñecementos, destrezas e actitudes para a propia inserción profesional			C7
Comprender as implicacións para a orientación ocupacional dos cambios producidos no mercado laboral e nos procesos de exclusión laboral.	A5		C4
Adquirir unha actitude reflexiva, crítica e transformadora ante ás problemáticas que atende a orientación ocupacional, analizando e valorando as súas achegas e as súas limitacións na consecución dun emprego e na promoción da xustiza social e dos ODS	A14		C4
Comprende-la terminoloxía específica e usala axeitadamente		B6	C1
Analiza-las bases teóricas da orientación ocupacional e comprender as implicacións para a súa praxe	A2		
Describir os factores ou barreiras que obstaculizan a inclusión laboral de persoas en situación de vulnerabilidade ou exclusión social e valorar as súas implicacións para a acción socioeducativa no ámbito laboral.	A8	B1	C4
Identificar e valora-los posibles usos das tecnoloxías dixitais para as persoas que buscan emprego e para os profesionais da orientación laboral, así como comprender a necesidade de ser profesionais competentes dixitalmente e de promover a competencia dixital nas persoas destinatarias da orientación ocupacional.	A2		C3
Analizar e deseñar accións de orientación ocupacional con enfoque de xénero.	A3 A6 A9 A21	B1 B4	
Buscar, seleccionar e almacenar recursos para a praxe da orientación ocupacional utilizando as tecnoloxías dixitais.			C3



Adquirir actitudes e destrezas de indagación que posibiliten o estudo independente e a formación permanente.			C3 C7
--	--	--	----------

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Mercado laboral e formación profesional	1. Mercado laboral 1.1.- Indicadores e fontes para o estudo do Mercado Laboral e da exclusión social 1.2. A situación de desigualdade das mulleres no mercado laboral. As mulleres obxecto de discriminación múltiple 1.3. Cambios no emprego e na súa relación coa inclusión social 2. Formación profesional 2.1. Subsistemas, ordenación e oferta 2.2. Acreditación de competencias: finalidade e procedemento. O papel da orientación profesional.
Tema 2. A inserción laboral: factores, estratexias e accións.	2.1. Factores que interveñen nos procesos de inserción e exclusión laboral. 2.2. A empregabilidade como foco da intervención. Elementos e críticas. 2.3. O itinerario personalizado de inserción (IPI) como estratexia de intervención: características, fases e accións 2.4. Integración da visión de xénero no IPI: finalidades, modalidades e accións. 2.5. A mentoría social na inclusión laboral
TEMA 3. Orientación ocupacional: delimitación conceptual, bases teóricas e recursos para a praxe.	3.1. Orientación profesional (OP) e Orientación ocupacional (OO): delimitación conceptual e ideas forza. Claves da OP para a xustiza social. A contribución da OP aos ODS. 3.2. Modelos de intervención: tipoloxía e características. 3.3. Áreas de intervención 3.4. A integración do enfoque de xénero na OO 3.5. OO, tecnoloxías dixitais e competencia dixital 3.6. Metodoloxía e recursos
Tema 4. Desenvolvemento institucional e situación actual da orientación profesional.	4.1. Funcións e competencias das/os profesionais da orientación ocupacional. 4.2. A orientación ocupacional como campo profesional da educación social. 4.3. Principais acontecementos e tendencias no desenvolvemento institucional da OP. A orientación profesional nas políticas de emprego, igualdade e inclusión social.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A2 A3 A5 A8 C4	5	22	27
Presentación oral	B1 B6 C1 C3	3	2	5
Discusión dirixida	C1 C4	2	0	2
Aprendizaxe colaborativa	A3 A5 A6 A8 A9 A21 B1 B4 C1 C3 C7	11	29	40
Sesión maxistral	A1 A2 A5 A8	13	4	17
Traballos tutelados	A2 A5 A8 A9 A14 A21 B4 C1 C3 C4	6	34	40
Proba mixta	A2 A5 A8 B1 C1	2	11	13
Atención personalizada		6	0	6



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	A análise de fontes documentais afonda nas dimensións teóricas e legais dalgunhas temáticas do programa e no coñecemento de recursos para o deseño do programa de orientación ocupacional. Nesta metodoloxía diferéncianse dous momentos e dúas modalidades de traballo, que se relacionan coas fases da clase invertida: <ul style="list-style-type: none"> a) Fóra da aula, traballo individual (lectura e/ou visionado dos documentos e/ou recursos audiovisuais). b) Nas aulas interactivas, posta en común e traballo grupal no deseño dos distintos apartados do programa de acción socioeducativa (PAS).
Presentación oral	Consiste na presentación e defensa no grupo clase do traballo tutelado.
Discusión dirixida	É unha actividade optativa que formaba parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación social"; Tátase dun auto-diagnóstico individual e grupal sobre a propia situación sociolingüística no que se valoran a competencia, os usos e crenzas lingüísticas. A partir deste autodiagnóstico reflexivo e compartido terán que formular os retos relativos ós usos e mellora da competencia ós que se comprometen no cuadrimestre. A partir dos preconceitos e estereotipos detectados realizarase unha discusión dirixida. As conclusións desta actividade terán que quedar reflectidas por escrito. Ao final do cuadrimestre terán que facer un balance sobre os retos acadados. Esta actividade puntúa até 1 punto na cualificación como actividade optativa.
Aprendizaxe colaborativa	A aprendizaxe colaborativa ten un carácter transversal na medida en que está presente na maioría das "metodoloxías" descritas, principalmente no traballo tutelado.
Sesión maxistral	O método expositivo vai ser utilizado para presentar as temáticas relacionadas cos subretos do ABP
Traballos tutelados	Adopta as características da aprendizaxe baseada en proxectos. O reto é o deseño dun programa de orientación ocupacional para un grupo de persoas en situación de vulnerabilidade ou exclusión social. Esta tarefa é grupal e nela converxen a aprendizaxe colaborativa e a análise documental.
Proba mixta	Constará de preguntas curtas de análise e reflexión sobre os contidos teóricos e de cuestións prácticas relacionadas cos distintos elementos do programa de orientación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Aprendizaxe colaborativa	A atención personalizada ten como finalidades a supervisión e seguemento do deseño do programa de orientación ocupacional. É obrigatoria a asistencia a dúas titorías grupais. A atención personalizada tamén está presente nas aulas interactivas, sendo o seu obxectivo achegar a retroalimentación necesaria para avanzar na realización do traballo tutelado.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	A2 A5 A8 A9 A14 A21 B4 C1 C3 C4	<p>Consiste na análise de proxectos de inserción laboral e no deseño dun programa de orientación ocupacional. Os criterios de avaliación son os seguintes:</p> <p>a) Integración na fundamentación teórica das temáticas abordadas na análise documental: conceptualización da OO, integración do enfoque de xénero, metodoloxía e avaliación.</p> <p>b) Deseño do programa: formulación de obxectivos; organización e secuenciación de contidos; coherencia entre obxectivos, metodoloxía, actividades e avaliación; descrición pormenorizada das actividades e selección de recursos.</p> <p>c) Aspectos formais: calidade lingüística, utilización da lingua galega, presentación (índice, paxinación, marxes, tamaño da letra...) e utilización das normas APA e a citación xusta.</p> <p>Os criterios de avaliación e cualificación van ser presentados nunha matriz de valoración que estará dispoñible no campus virtual desde o inicio do curso.</p>	65
Proba mixta	A2 A5 A8 B1 C1	Consta de preguntas tipo test (50% del valor de la prueba). El 50% restante corresponde a preguntas breves relacionadas con el diseño del programa.	30
Presentación oral	B1 B6 C1 C3	Presentación grupal do programa de orientación ocupacional, que vai ser obxecto de co-avaliación polo resto dos grupos. Para facilitar a coavaliación vai ser elaborada, consensuadamente co alumnado, unha escala de valoración.	5

Observacións avaliación



Requisito para superar a materia Para superar a materia é imprescindible obter a metade da cualificación en cada unha das dúas tarefas que computan na avaliación: 3,3 no programa de orientación e 1,25 na proba mixta. A non realización dunha das dúas tarefas implica a cualificación de NP. No caso de ter suspenso unha das partes, a cualificación será a da parte non superada.

Segunda oportunidade Na segunda oportunidade recupéranse as partes non superadas (programa orientación e proba mixta). As actividades optativas só se poden entregar na primeira oportunidade. Coavaliación do traballo tutelado e da presentación oral A participación de cada persoa no traballo tutelado vai ser obxecto de coavaliación polo resto das persoas do grupo. Os resultados desta avaliación trasladaranse á cualificación individual do alumnado. A presentación oral do programa de orientación ocupacional vai ser avaliada polo resto dos grupos a partir dunha matriz de valoración, previamente consensuada co alumnado. Actividades optativas

Coa realización das actividades optativas pode obterse até 1,5 puntos. As actividades optativas están relacionadas coa lingua galega, coas propias necesidades de orientación, coa análise de novas e coa creación de artefactos dixitais. Estas actividades serán presentadas na primeira clase.

Modalidade específica de avaliación para persoas non asistentes

O alumnado con dispensa académica ou que non asista regularmente a clase pode acollerse a unha modalidade específica de avaliación na que é imprescindible o seguimento e supervisión das tarefas. Para estes casos, mantense o deseño do programa de orientación e o exame substitúese por un informe de aprendizaxe, sobre o que se realizará un exame oral. O resto das actividades de avaliación son as mesmas. Para acollerse a esta modalidade é imprescindible contactar coa profesora antes do 20 de setembro.

LINGUAXE INCLUSIVA E CITACIÓN XUSTA A linguaxe inclusiva é de uso obrigado.

Co obxectivo de visibilizar as autoras nas referencias bibliográficas, recoméndase utilizar a citación xusta, para a que se poden consultar as seguintes fontes:

<https://infoguias.biblioteca.udc.es/c.php?g=653851&p=4979900> <https://biblioteca.uoc.edu/ca/plana/Estil-APA/FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA> Citación de fontes

Os contidos incluídos (texto literal e parafraseo) nos traballos deben estar referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias usando as normas APA 7ª edición. Para visibilizar as autoras, segúranse as indicacións para unha citación xusta.

Plaxio

O plaxio en calquera das actividades da avaliación será motivo de suspenso. Así o establece o artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC: " na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade". Nesta situación a cualificación na materia será de 1 punto.

Normativa académica de avaliación, revisión e reclamación da UDC:

https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf <http://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual>



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Aguado Guillermo, Patarroyo Luz Elena, Larrañaga Mertxe, Palacín Iratxe, Quilaqueo Víctor, Mujica (2018). Pedagogía de los cuidados. Aportes para su construcción.. Intered - Echeverría, Benito (coord) (2008). Orientación profesional. Barcelona: Editorial UOC - MCarthy, Jhon. (2018). La orientación profesional y las habilidades para la gestión de la carrera. Una perspectiva internacional. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer - MCarthy, Jhon (2018). la dimensión de servicio público de la orientación . España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer - Romero Soledad, Moreno Celia e Mateos Tania (eds) (2022). Orientación para la construcción de la carrera y la justicia social. Una experiencia de investigación-acción en las Escuelas de Segunda Oportunidad . Octaedro - Sanz, Clara e Manzanares, Asunción (2018). El modelo de orientación profesional en cuestión. Revisión de sus referentes teórico-prácticos. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer - SENDOTU (2010). Cuaderno de trabajo 3. Diseño de proyectos sociales desde una perspectiva de género. http://www.sartu.org/wp-content/uploads/Cuaderno_trabajo_Sendotu_n3.pdf - Sultana, Robert (2018). La movilización de los servicios de orientación profesional en torno a una agenda de justicia social: una prioridad para todos.. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer <p>Para cada un dos temas e para o traballo tutelado proporcionase bibliografía específica.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables/652G03022

Orientación e políticas de emprego/652G03031

Materias que continúan o temario

Orientación e políticas de emprego/652G03031

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías